

MOCIÓN A FAVOR DA EMENDA AO “Proyecto de Ley General de Navegación Marítima” QUE CONTEMPLA A INTRODUCCIÓN DUNHA DISPOSICIÓN ADICIONAL TITULADA “Protección del Patrimonio Marítimo Flotante. Estatuto jurídico de las embarcaciones históricas y tradicionales”

Antecedentes

Cando falamos de embarcacións tradicionais e históricas estamos a referímonos ao patrimonio marítimo flotante ou, seguindo as tendencias europeas, habería que falar de **embarcacións de interese patrimonial**, xa que baixo este concepto incluímos tamén outras embarcacións singulares (caso do Hidria II, o único buque a vapor que aínda navega en toda a Península Ibérica), xunto coas de valor etnográfico (dornas, chalanas, racús, galeóns, bous...) ou as embarcacións históricas (Neves, Nauja, Zorba, Raquel...).

É ben coñecida a realidade de que no **Porto do Grove** contamos coa maior e mellor flota de **embarcacións de interese patrimonial de Galicia**, entre elas as mencionadas no parágrafo anterior, todas elas representativas das distintas tipoloxías do patrimonio marítimo flotante, polo que promovemos esta **pioneira** acción de apoio dunha Corporación municipal ao recoñecemento xurídico destas embarcacións patrimoniais, na seguridade de que será seguida por outras corporación en datas próximas.

A recuperación destas embarcacións, así como da súa contorna paisaxística e o patrimonio material e inmaterial asimilado, foi clave para a conservación ou rexeneración das fachadas marítimas en certas vilas de Alemaña, Croacia, Francia, Inglaterra e, sobre todo, os Países Baixos e o Norte escandinavo. Para iso, o **patrimonio cultural marítimo**, representado de xeito sinalado polas embarcacións de interese patrimonial, debера ser obxecto dun tratamento respectuoso, enfocándoo, quer como sinal identitario de singular importancia, quer como recurso económico a desenvolver, de maneira que vaia incrementando o interese dos demandantes de novos servizos propios do **turismo cultural de calidade**.

O turismo **asociado ao patrimonio** continúa medrando a un ritmo moi superior ao tradicional de sol e praia, cun público a cada paso máis interesado polo consumo de experiencias e produtos específicos vencellados á diversidade sociocultural e sobre os que o patrimonio ofrece unhas posibilidades moi interesantes que se poden desenvolver en accións concretas das que se derive o coñecemento, o uso e a conservación do

mesmo ¹.

Ao protexer, conservar e divulgar o **patrimonio marítimo**, incrementamos a cohesión social arredor duns referentes identitarios propios, ao tempo que potenciamos os atractivos das comunidades da beiramar promovendo un turismo sustentable, que combine a racionalidade económica coa medioambiental. *“Este turismo sustentable está moi relacionado cos novos perfís de turista. No mundo occidental os viaxeiros teñen agora unha maior preocupación medioambiental, e buscan outros produtos de ocio diferentes, activos e non masificados. Ademais, non é tan significativo o número de turistas que chegan, senón a calidade dese turismo. O turismo sustentable, ademais de caracterizarse polo compromiso coa contorna, contribúe ao desenvolvemento social e económico dun determinado lugar mediante o axeitado aproveitamento do capital patrimonial, natural e humano”*. (Melchor Fernández, director do Instituto Universitario de Estudos a Desenvolvemento de Galicia, IDEGA).

Asemade compre aínda lembrar que tanto a construción de novas embarcacións de interese patrimonial, como o arranxo e mantemento das xa existentes, (e temos no noso Concello **tres industrias activas** dedicadas a este labor: Estaleiros dos Fillos de J. Garrido, en Lordelo; Marcelino Galiñanes e Carlos Fernández, no Porto de Meloxo) precisan do uso da madeira, unha materia prima renovable, ecolóxica, compatible co consumo responsable de enerxía e cun alto rendemento económico e social nos Montes de Galicia, o que dalgún xeito completa e pecha un **ciclo produtivo con elevada plusvalía**. A madeira como materia prima ten un alto valor engadido na loita contra o cambio climático, en función de catro características definidas no Informe do “Intergovernmental Panel on Climate Change 2007 Synthesis Report”, dependente das NNUU:

- É un vector para a xestión forestal sostible, propiciando masas forestais que actúan positivamente sobre o equilibrio dos gases.
- É un sumidoiro de carbono capaz de reducir a cantidade de Dióxido de Carbono na atmosfera.
- Substitúe outras materias primas que demandan un uso intensivo de enerxía.
- É un substituto de combustibles fósiles na xeración de enerxía.

¹ Segundo os datos da asociación Patrimonio Marítimo Europeo (EMH), cada ano preto de vinte millóns de espectadores asisten a espectáculos ligados ás embarcacións singulares, cun gasto estimado por visitante de 25 € representando uns 500 millóns de euros de negocio para as comunidades costeiras. Asemade, cada embarcación, quer clásica ou tradicional (5000 recoñecidos en Europa), ten un gasto estimado anual en mantemento de 20.000 euros, o que significa uns 100 millóns de euros en ingresos para estaleiros e tendas de efectos navais.

A realidade da existencia dun rico e variado patrimonio marítimo no Estado español, singularizado nas embarcacións de interese patrimonial, require a lexislación tanto por parte da Administración central como das distintas comunidades autónomas, dunha serie de medidas que incidan no seu (re)coñecemento, divulgación, protección normativa e uso social. Basicamente podemos subliñar tres razóns básicas para iso:

-Razóns de **identidade e cohesión social**, mediante o acceso ao coñecemento da cultura propia e do medio onde se desenvolve: Moitas das tipoloxías de embarcacións con valor patrimonial (especialmente as adicadas á pesca de baixura ou ao marisqueo), son específicas das diferentes comunidades mariñeiras, completamente adaptadas a un medio marítimo e a unha morfoloxía costeira concretos, e polo tanto representan unha singularidade desa comunidade que non se pode atopar noutros lugares. A súa conservación, divulgación, coñecemento e uso, achegan información, cultura e respecto medioambiental aos beneficiarios destas accións, ao tempo que permiten a súa transmisión ás xeracións vindeiras.

-O recoñecemento das embarcacións de interese patrimonial, a súa **distinción e discriminación positiva** no tocante ao uso respecto doutras embarcacións, entendidos como parte da consideración respectuosa do patrimonio litoral, contribúen á valorización e dignificación das profesións vencelladas ao mar. Recoñécese así, unha bagaxe cultural cuxa promoción posibilita actividades de diversificación, complementarias ás propiamente extractivas, ampliando as fontes de riqueza das xentes de mar, ao tempo que axudan a reducir o esforzo pesqueiro e marisqueiro ².

-A posta en valor do patrimonio marítimo flotante e a súa dinamización e uso social incide directamente na **economía das comunidades mariñeiras**:

- Contribuíndo ao sostemento de profesións como a de carpinteiro de ribeira e actividades como a construción naval en madeira, pois o segmento das embarcacións de interese patrimonial representa na actualidade perto do 40% da carteira de pedidos de novas construcións nos pequenos estaleiros galegos. Segundo datos recentes da Asociación Galega de Carpinteiros de Ribeira (AGALCARI), representativa da práctica totalidade do sector no país, a

² De feito, o Fondo Europeo de la Pesca (FEP), no seu Eixo 4, introduce para o período 2007-2013 como novo tema prioritario “el desarrollo sostenible de las zonas pesqueras”, co obxectivo de aliviar os efectos socioeconómicos derivados do necesario control das capturas, impulsando aspectos socioculturais asociados á pesca e o marisqueo mediante a diversificación de actividades non extractivas.

devandita entidade conta con 20 establecementos asociados en toda a beiramar galega, que empregan de xeito directo 150 traballadores/as e indirecto a outros 2.500; cabe destacar, asemade, que na Ría de Arousa, con 10 empresas en activo, atopase a maior concentración de carpinterías de ribeira de Europa, das que 3 teñen a súa sede social no concello do Grove. Ademais, dentro das **actividades asimiladas á construción naval** en madeira, podemos mencionar os obradoiros de velaría e cabullería, pequena metalurxia, os efectos navais, pequenas empresas pesqueiras e de turismo náutico, as compañías de seguros marítimos, serradoiros, a silvicultura...

- Contribuíndo á **posta en valor dos Montes** como principais fornecedores da materia prima do oficio de carpintería de ribeira, quer na construción de novas embarcacións, quer no arranxo e mantemento das xa existentes.
- Contribuíndo, como xa se apuntou, a unha economía sustentable baseada nun **turismo cultural respectuoso** coa diversidade sociocultural, medioambiental e paisaxística, que gaña demandantes día a día.

Un marco legislativo propicio para a conservación, fomento e divulgación do saber-facer ligado ás **embarcacións de interese patrimonial** e á navegación tradicional, redundará na pervivencia e transmisión da cultura marítima, en xeral, e da que aínda atesouran as pequenas comunidades mariñeiras, en particular. Unha cultura e identidade marítima que as autoridades europeas, mediante diversas tomas de posición, normativas e regulamentos³ tratan de preservar e potenciar recoñecendo nela un factor determinante para prestixiar e diversificar as actividades e profesións relacionadas co mar, garantindo a medio e longo prazo o desenvolvemento sustentable da economía e o **benestar social das zonas costeiras**, ao tempo que se

³ Ver, por exemplo, *Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO* (2003) <http://www.unesco.org/culture/ich/index.php?pg=00006>; a *Carta de Barcelona (Charter Barcelona, 2002)* <http://www.european-maritime-heritage.org/bc.aspx>; *Wilhemshaven Memorandum of Understanding* (MoU, 2005), asinado polo Goberno do Estado Español, e de conformidade cos principios do dereito comparado europeo, <http://www.european-maritime-heritage.org/mou.aspx>; as distintas disposicións do *European Maritime Heritage* (EMH), <http://www.european-maritime-heritage.org>, etc.. Cabe lembrar, que o artigo 46 da Constitución española plantexa: “*Los poderes públicos garantizarán la conservación y promoverán el enriquecimiento del patrimonio histórico, cultural y artístico de los pueblos de España y de los bienes que lo integran, cualquiera que sea su régimen y su titularidad. La ley penal sancionará los atentados contra este patrimonio*”.

amosa como o mellor instrumento para concienciar á poboación verbo da necesidade de preservar o medio mariño e a paisaxe litoral nos que desenrolan as súas actividades socioeconómicas, mediante o coñecemento do seu pasado e da súa posible proxección futura.

Nestes días ven de ampliarse o prazo para que se acepte unha emenda na futura «Ley General de Navegación Marítima» que recoñeza ás embarcacións tradicionais e históricas. En poucos semanas vaise reunir a “Comisión de Justicia” do Congreso dos Deputados para tratar este asunto, co que se **pretende que as devanditas embarcacións se rexan por unha lexislación específica** que, respectando as competencias das comunidades autónomas no eido cultural e patrimonial, garanta a súa protección e o seu uso, contribuíndo á protección do noso patrimonio marítimo flotante, en liña con outros países do noso entorno como Francia, Holanda, Noruega ou Suecia.

ACORDO:

En atención ao anteriormente exposto, propomos ao Pleno do Concello do Grove o seguinte acordo:

1. O Concello do Grove manifesta o seu pleno apoio á EMENDA ao “Proyecto de Ley General de Navegación Marítima” que contempla a introdución dunha disposición adicional titulada “Protección del Patrimonio marítimo flotante. Estatuto jurídico de las embarcaciones históricas y tradicionales”.

2. Ao manifestarmos este apoio, instamos á Comisión de Justicia del Congreso de los Diputados”, para que trate iste asunto e o incorpore ao futuro texto lexislativo.

3. Dar conta deste acordo á “Comisión de Justicia” do “Congreso de los Diputados”, e á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

No Grove a 19 de Febreiro de 2010.

Asdo. Xosé Antón Mascato García
Concelleiro de Patrimonio Histórico
Bloque Nacionalista Galego